

32.- EXTRACTO DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 2 DE AGOSTO DE 2016.

Alcalde-Presidente en funcións:

D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES.

Concelleiros:

D^a. KATIA MARGARET PROCINO TOIMIL.

D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO.

D^a. TERESA VARELA FISTEUS.

D^a. CELIA ALONSO CARAMÉS.

D^a. LARA RODRÍGUEZ PEÑA.

D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA.

Secretaria Xeral:

D. CESAR LOPEZ ARRIBAS.

Non asiste:

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO.

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS NÚMS. 30/2016 E 31/2016 DAS XUNTAS DE GOBERNO LOCAL CELEBRADAS OS DÍAS 18 E 26 DE XULLO DE 2016.

Acordouse aprobar as actas N^o 30/2016 e 31/2016, das sesións celebradas pola Xunta de Goberno Local os días 18 e 26 de xullo de 2016 respectivamente, e proceder á súa transcripción ao libro de actas.

2.- LICENZA DE OBRA.

2.1.- Acordouse **CONCEDER LICENZA DE OBRA** para instalación de cebadeiro de porcino no paraxe As Queimadas – Moimenta - Lalín con base na documentación que obra no expediente e no informe favorable emitido polo técnico municipal de data 27/06/16, e aprobar a liquidación practicada pola Intervención municipal de data 15/07/16 en concepto de Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras por importe de 5.611,26 euros.

3.- LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

3.1.- Acordouse **CONCEDER LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN** para vivenda unifamiliar sita no lugar de Carballude, 35 - Donsión - Lalín con base na documentación que obra no expediente e na acta de comprobación favorable emitida polo técnico municipal de data 27/07/16 e aprobar a liquidación practicada pola Intervención municipal de data 28/07/16 en concepto de taxa por 1ª ocupación por importe de 300 euros.

4.- COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS.

4.1.- Acordouse **A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS** para conservación de cuberta e fachada da capela de Monserrat – sita na Avda. Monserrat, 41 - Lalín con base na documentación que obra no expediente que inclúe o informe técnico municipal de data 27/07/16, e aprobar a liquidación realizada pola Intervención Municipal de data 28/07/16 por importe de de 139,33 euros en concepto de ICIO.

5.- LICENZAS PARA INSTALACIÓN DE TERRAZAS.

5.1.- Acordouse **CONCEDER LICENZA PARA INSTALACIÓN DE TERRAZA** na rúa Pintor Laxeiro, 3 - Lalín con base na documentación que obra no expediente e no informe favorable emitido polo técnico municipal de data 26/07/16.

5.2.- Acordouse **CONCEDER LICENZA PARA INSTALACIÓN DE TERRAZA** na rúa Ramón Aller, 69 - Lalín con base na documentación que obra no expediente e no informe favorable emitido polo técnico municipal de data 26/07/16.

6.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN.

6.1.- Acordouse iniciar o expediente de contratación denominado **“MELLORA DE CAMIÑOS DE PORTOSECO (GOIÁS) E REGUFE (SELLO)”- PLAN MARCO 2016** mediante procedemento negociado, trámite urxencia e varios criterios de valoración, con orzamento máximo de licitación de 130.897,00 €, máis a partida de 27.488,37 € correspondente ao IVE, e un prazo de execución dun (1) mes.

6.2.- Acordouse iniciar o expediente de contratación denominado **“SUBMINISTRACIÓN DUN SISTEMA DE XERACIÓN DE CALOR CON COMBUSTIBLE DE PELLETS DE MADEIRA”** mediante procedemento aberto, trámite ordinario e varios criterios de valoración, con orzamento máximo de licitación de 37.982,00 €, máis a partida de 7.976,22 € correspondente ao IVE, resultando un importe total de 45.958,22 €, e un prazo de execución de 10 días naturais.

6.3.- Acordouse realizar un **contrato de subministro** ao abeiro do réxime de contratos menores coa empresa Taboada y Ramos, SL ao abeiro dunha subvención concedida ao abeiro das BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS – PLAN DE CONCELLOS 2016 da Deputación provincial de Pontevedra por importe de 23.686,11 euros para o investimento Elementos de templado de tráfico e seguridade vial, zona urbana no Concello de Lalín.

6.4.- Acordouse realizar un **contrato de subministro** ao abeiro do réxime de contratos menores coa empresa FERNANDO RIVEIRA UZAL, GRAFICAS DIM, ao abeiro das BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS – PLAN DE CONCELLOS 2016 da Deputación Provincial de Pontevedra por importe de 1.210,00 euros para a “Adquisición e instalación de dous paneis informativos no Concello de Lalín”.

6.5.- Acordouse realizar un contrato de obra ao abeiro do réxime de contratos menores coa empresa Construcciones Areán del Deza, SL, tendo en conta que se trata dunha obra que urxe acometer para que as infraestruturas e instalacións cumpran axeitadamente a súa función e sexan máis accesibles, tramitouse a modificación de crédito que se reflicte no Expediente de Crédito Extraordinario Nº 5-P/2016, financiado mediante o Remanente Líquido de Tesourería procedente do peche do exercicio 2015, por un importe total de 81.417,20 euros (BOP 1/08/2016).

6.6.- Acordouse realizar un contrato de obra ao abeiro do réxime de contratos menores coa empresa GM Deseño e Obra tendo en conta que se trata dunha obra que urxe acometer para que as infraestruturas e instalacións cumpran axeitadamente a súa función e sexan máis accesibles, tramitouse a modificación de crédito que se reflicte no Expediente de Crédito Extraordinario Nº 5-P/2016, financiado mediante o Remanente Líquido de Tesourería procedente do peche do exercicio 2015 por un importe total de 81.417,20 euros (BOP 1/08/2016).

6.7.- Acordouse realizar un contrato de obra ao abeiro do réxime de contratos menores coa empresa GM Deseño e Obra tendo en conta que se trata dunha obra que urxe acometer para que as infraestruturas e instalacións cumpran

axeitadamente a súa función e sexan máis accesibles, tramitouse a modificación de crédito que se reflicte no Expediente de Crédito Extraordinario N° 5-P/2016, financiado mediante o Remanente Líquido de Tesourería procedente do peche do exercicio 2015 por un importe total de 81.417,20 euros (BOP 1/08/2016).

6.8.- Acordouse realizar un contrato de obra ao abeiro do réxime de contratos menores coa empresa Albañilería Luis Miguel, SLU tendo en conta que se trata dunha obra que urxe acometer para que as infraestruturas e instalacións cumpran axeitadamente a súa función e sexan máis accesibles, tramitouse a modificación de crédito que se reflicte no Expediente de Crédito Extraordinario N° 5-P/2016, financiado mediante o Remanente Líquido de Tesourería procedente do peche do exercicio 2015 por un importe total de 81.417,20 euros (BOP 1/08/2016).

6.9.- Acordouse realizar un contrato de obra ao abeiro do réxime de contratos menores coa empresa Albañilería Luis Miguel, SLU. tendo en conta que se trata dunha obra que urxe acometer para que as infraestruturas e instalacións cumpran axeitadamente a súa función e sexan máis accesibles, tramitouse a modificación de crédito que se reflicte no Expediente de Crédito Extraordinario N° 5-P/2016, financiado mediante o Remanente Líquido de Tesourería procedente do peche do exercicio 2015 por un importe total de 81.417,20 euros (BOP 1/08/2016).

6.10.- Acordouse **aprobar o Plan de Seguridade e Saúde das obras** denominadas “AMPLIACIÓN ÁREA ENTORNO PISCINA MUNICIPAL” presentado pola empresa Construcións García Louzao S.L das obras denominadas “AMPLIACIÓN ÁREA ENTORNO PISCINA MUNICIPAL”.

7.- EXPEDIENTE DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.

7.1.- Acordouse **estimar a concorrencia de responsabilidade patrimonial do Concello de Lalín**, e recoñecer o dereito do interesado a ser indemnizado na cantidade reclamada, que ascende a 538,56 € (IVE incluído) en relación coa declaración de responsabilidade patrimonial polos danos que se lle ocasionaron ao vehículo propiedade do demandante como consecuencia dun defectuoso funcionamento da Brigada de Obras e Servizos municipais.

8.- FACTURAS E CONTAS.

8.1.- Acordouse **aprobar e declarar de abono** as relacións de facturas: Relacións n° 00094, por importe de 38.354,41 €, Relación de facturas n° 00095,

por importe de 389,16 € e Relación de facturas nº 00096, por importe de 25.271,59 €, e proceder a reclamar a Espina&Delfin o importe de 389,16 € correspondente á relación N° 00095, así como requirirille o cambio de titular dos contratos de subministro eléctrico das instalacións recepciónadas pola empresa na acta de recepción asinada o 30 de abril de 2015.

9.- PROPOSTAS DOS SRES. CONCELLEIROS DELEGADOS.

9.1.- Acordouse aprobar e ordenar que se poña ó cobro o padrón fiscal por un total da **TAXA POR ABASTECIMIENTO DE AUGA** (2º Trimestre de 2016) de 139.368,96 €, e un total da **TAXA DE SUMIDOIROS** (2º Trimestre de 2016) de 55.158,78 €.

9.2.- Acordouse autorizar e comprometer un gasto por importe de 10.600 € (IVE incluído) con destino ó **servizo de elaboración da memoria** descritiva para a solicitude do ENIL da Fraga de Casas Vellas, contratando o citado servizo coa Bióloga Mª del Carmen Casalderrey Piñeiro con suxeición ó réxime dos contratos menores.

9.3.- Acordouse **aprobar a aplicación das tarifas** recollidas no artigo 5 da Ordenanza Reguladora da Taxa por Prestación do Servizo de Recollida e Tratamento de Lixo e Residuos Urbanos, 2º trimestre de 2016, de acordo cos informes técnicos que se achegan ao expediente para a persoa beneficiaria.

9.4.- Acordouse aprobar o **Convenio de adhesión** á programación da Rede Galega de Teatros e Auditorios a desenvolver no Salón Teatro de Lalín durante o segundo semestre de 2016.

10.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

10.1.- Acordouse **conceder autorización municipal** para o uso das instalacións deportivas do Estadio Municipal Manuel Anxo Cortizo para disputar un partido de Pretempada co CD Ourense o sábado 6 de agosto de 2016 a partir das 17:00 horas e ata unha hora despois de rematado o dito encontro.

10.2.- Deuse conta do escrito remitido pola **Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia**, de data 29 de xullo de 2016 pola que se comunica a resolución favorable da subvención para a contratación de persoal técnico para a realización de accións de información, orientación e prospección de emprego solicitada polo Concello de Lalín ao abeiro da Orde 29 de decembro de 2015.

10.3.- Deuse conta do escrito presentado pola **Escudería de Clásicos O Toxo** comunicando que con motivo da “VIIª RUTA SEMANA DO COCHE CLÁSICO DE LALÍN” que terá lugar o sábado 4 de setembro de 2016 pasarán cos seus vehículos por estradas do Concello de Lalín.

10.4.- Acordouse **conceder autorización municipal** para poñer música cun aparato eléctrico o día 13 de agosto na terraza do Bar J.J. dende as 23:00 ata as 00:59 horas do día 14 de agosto.

10.5.- Acordouse **conceder autorización municipal** para o préstamo do local social de Donramiro para a celebración dun cumpreanos infantil o día 19 de agosto de 2016 de 16:00 a 21:00 horas aproximadamente.

10.6.- Acordouse **conceder autorización** para a celebración dunha comida campestre organizada polo Vilatuxe Fútbol Club na área recreativa de Pozo do Boi os días 13 e 14 de agosto de 2016, debendo quedar nas mesmas condicións de limpeza nas que se atopaba previamente.

10.7.- Deuse conta da proposta-resolución da **Dirección Xeral do AGADER da Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia**, de data 21 de xullo de 2016 de non acceso á petición formulada polo Concello de Lalín de transmisión en propiedade, mediante adjudicación directa e a título gratuito, da parcela con referencia catastral 8190903NH6289S0001GF no lugar de Méixome, Lalín.

10.8.- Deuse conta do acordo adoptado pola **Corporación Municipal do Concello de Pontearreas** na sesión celebrada o 14 de xuño de 2016 recibida o 15 de xullo de 2016 en relación á adhesión á campaña BDS contra o Apartheid Israelí.

10.9.- Concedeuse **autorización municipal** para o acceso á Información sobre a Xunta de Compensación do Plan Parcial SUE-1 Regueiriño Sur: Domicilio Social, Cargos e teléfono de contacto e Información sobre o estado de xestión da Xunta de Compensación do Plan Parcial SUE-1 Regueiriño Sur; e sobre a aprobación da conta de liquidación definitiva (derramas pendentes, etc), non autorizando a obtención de copias do expediente.

10.10.- Acordouse **conceder autorización municipal** para estacionar dous vehículos na rúa Pintor Laxeiro o día 03/08/2016, en horario de 11:50 a 13:45 horas, para realizar conexións en directo para a TVG no restaurante Cabanas.

10.11.- Acordouse **conceder autorización municipal** para realizar a

cuestación a favor da A.E.C.C. nas rúas Colón e Rosalía de Castro coa colocación de dúas mesas en horario de 9:00 a 13:00 horas o día 3 de agosto de 2016.
